



ASOCIACIÓN DE NÁIS E PAIS DE ALUNNOS PONTE ROMANA

CIF: G-15215072 C.E.I.P.PLURILINGÜE SANTA MARIA

Praza de América s/n, CP 15320 As Pontes

Télf: 646 192 578

@: anpaponteromana@gmail.com

PLAN XERAL DE ACTUACIÓNS DA ANPA E DA AGRUPACIÓN DEPORTIVA SANTA MARÍA CURSO 2024-2025

Representatividade

Neste curso académico de 2024-2025 na A.N.P.A. Ponte Romana e Agrupación Deportiva Santa María aínda non sabemos a participación de soci@s que imos conseguir, repartíronse os formularios a primeira semana de colexio, e remata o prazo o 30 de novembro.

Composición da directiva da Anpa e da Agrupación:

Presidenta: Montserrat Gastelu Fernández dni:32688915-G
Secretaria: Sheila Souto Romero con DNI: 76582770-S
Tesoureira: María José Fernández Pellón DNI 76580549-W
Vocal 1: Almudena Bouza Meizoso dni:32695553-H
Vocal 2:Lorena da Silva Pardiño dni32704287-N

Financiamento:

Ambas asociacións contan, para o sostén económico das súas actividades, coa achega anual dos seus asociados. As cotas de socios/as serán as seguintes primeiro fillo 25€, polo segundo fillo 15€ e polo terceiro fillo 10€, xunto coas subvencións recibidas a través da Coordinadora de Anpas Abrente procedentes do Concello de As Pontes.

Do mesmo xeito que en anos anteriores, se solicitarán as subvención do Concello de As Pontes de García Rodríguez, xestionada a través da coordinadora de ANPAS Abrente para a realización das actividades culturais e deportivas durante o presente curso académico, así como para investimentos, a data de hoxe estas subvencións aínda non se publicaron. Tamén se solicitou para este curso unha subvención a Xunta de Galicia para levar a cabo un programa de igualdade no noso centro, pero aínda non tivemos resposta.

Conciliación laboral-familiar:

A ANPA está a presentar un proxecto e solicitou por concurso de concorrencia competitiva unha axuda ante o Concello de As Pontes de García Rodríguez, para o desenvolvemento do programa “Eu almorzo no cole” 2024-2025 Un servizo de conciliación da vida laboral e familiar que permite o acceso ó centro aos alumnos que o precisan por motivos de conciliación laboral das súas familias ou por coidado de persoas dependentes debidamente xustificadas, case unha hora e quince minutos antes da xornada lectiva.



ASOCIACIÓN DE NÁIS E PAIS DE ALUNNOS PONTE ROMANA

CIF: G-15215072 C.E.I.P. PLURILINGÜE SANTA MARIA

Praza de América s/n, CP 15320 As Pontes

Télf: 646 192 578

@: anpaponteromana@gmail.com

O co financiamento do programa corresponde ó Concello de As Pontes de García Rodríguez a través da súa Concellería de Servizos Sociais. Coa achega deste organismo, cubrirase a maior parte dos gastos, sendo o resto sufragado por conta das familias usuarias do servizo, quedando o prezo de 25€ mensuais por nen@.

Neste curso desenrolase e actualízase o regulamento interno que rexe o programa para adaptalo do mellor xeito posible o feedback obtido de programas anteriores e adecuando o mesmo as novas normativas aplicables, co único obxectivo de poder manter a viabilidade e continuidade do programa.

O servizo estase levando a cabo de forma efectiva dende o primeiro día de curso 11 de setembro. Servizo contratado a empresa local Picariños Animación S.L. Dende o inicio deste servizo está formalizado un seguro para os alumnos que fan uso do mesmo.

De forma complementaria, no tempo de garda e custodia, estanse a levar a cabo actividades relacionada coa:

- Igualdade de xénero,
- Integración de persoas con diversidade funcional
- Actividades que fomenten valores interxeracionais entre os usuarios.

Na actualidade fan uso diario, unha media duns 13 alumnos de forma permanente, en horario de 7:50am a 9:00am, cando comeza o horario lectivo do centro.

As entradas fanse cada dez minutos hasta as 8:20, sendo as 8:20 a derradeira hora de entrada.

Neste curso hai menos usuarios/as do servizo, sobre un 20% menos de usuarios/as permanentes con respecto ó curso académico 2024-2025, debido a que varios/as usuarios/as eran de 6º de primaria e promocionaron para o instituto, o programa de almozos é una necesidade real da sociedade actual e particularmente neste centro educativo.

Comedor escolar: O día 11 de Setembro comeza a funcionar o comedor no Ceipp Santa María.

O horario do servizo será de 14:00 a 15:30. Coa xestión por parte da Anpa, se rexe por un regulamento moi similar o de almozos no cole. E estará controlado polo Consello escolar do centro. A empresa que presta o servizo é a empresa Picariños Animación S.L, e a encargada da comida é a Taberna de Pancho. Comeza con 9 usuarios de mes completo e dous usuarios/as de medio mes. O menú está deseñado por unha dietista.



ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUNNOS PONTE ROMANA

CIF: G-15215072 C.E.I.P. PLURILINGÜE SANTA MARIA

Praza de América s/n, CP 15320 As Pontes

Télf: 646 192 578

@: anpaponteromana@gmail.com

O prezo do servizo é de 200€ mensuais, excepto os meses de Setembro e Xuño, que será de 150€. Este prezo é sen ningún tipo de axuda, este ano tivemos unha concesión de unha axuda da Deputación da Coruña que adicaremos para baixar a couta do servizo de comedor. Estamos a tramitar a axuda de comedor que saca a Xunta de Galicia, aínda que é unha cantidade moi pequena por usuario/a.

Colaboración e promoción de actividades no CEIP:

A ANPA e a Agrupación Deportiva Santa María tentarán participar en todas as actividades culturais e deportivas do CEIPP Santa María. Os entes comprométese a participar e colaborar nas actividades que historicamente se viñan facendo, así como, promocionar novas actividades que se estimen dende o centro, dentro das nosas posibilidades.

Participaremos nas actividades do Magosto, Nadal, Entroido, fin de curso, gradacións e en todas as que se nos propoña e sexa posible.

Colaboración e promoción de actividades con entes alleos ó centro:

Colaboraremos na organización e promoción de actividades conxuntas coa Coordinadora de A.N.P.A.S Abrente, asemade nas actividades culturais que se promovan dende o Concello de As Pontes de García Rodríguez.

Actividades extraescolares:

Unha parte importante do traballo da A.N.P.A. Ponte Romana e da Agrupación Deportiva Santa María organiza as actividades extraescolares. Intentaremos recuperar o deporte escolar coa liga de fútbol entre centros coa axuda de Xogade, esta actividade si é posible farémola no pavillón polideportivo municipal. Haberá actividades como mecanografía, pádel, deportes alternativos, tardes creativas, ofimática, informática, ect

No centro haberá actividades os martes (patinaxe), mércores (baile) e xoves (Multideporte), xestionadas pola anpa.

Asemblea de nais e país:

Durante o mes de Outubro a Anpa convocará unha asemblea de socios/as. A Principios de Setembro se convocaron dúas reunións coas familias de almorzos e comedor.



ASOCIACIÓN DE NÁIS E PAIS DE ALUNNOS PONTE ROMANA

CIF: G-15215072 C.E.I.P.PLURILINGÜE SANTA MARIA

Praza de América s/n, CP 15320 As Pontes

Télf: 646 192 578

@: anpaponteromana@gmail.com

Información e peticións:

-Petición da xunta directiva da Anpa é para a Xunta de Galicia, solicitar canto antes a reparación do Tellado dos dous pavillóns, xa que o ano anterior houbo moitos problemas polas goteiras.

-Petición tamén para o Concello de As Pontes, solicitamos a colocación dunha carpa no patio do colexio, xa que no inverno senón os nosos nenos e nenas non poden saír o patio, e é un compromiso do alcalde Valentín González nun consello escolar anterior. Tamén según se comprometeu o concello nun consello escolar municipal, é necesario o estudo dun proxecto para poñer no patio algo cuberto que poida quedar de maneira definitiva.

-Solicitamos tamén o Concello de As Pontes unha rampla de acceso a porta principal do centro que dá para a praza de América, e que está en obra nova por completo e non vemos a construción da rampla e nos parece algo imprescindible, dar accesibilidade o centro pola porta principal.